

Carla Campechano

Tristeza

Tristeza, amarga compañeira
Que se coa no meu peito sen permiso
Pósase como un peso na miña alma
E me consume co seu frío abismo

Bágoas amargas caen sen cesar
Acompañadas por un suspiro profundo
A tristeza abrázame co seu manto gris
E en silencio encho o baleiro que inundo

Por máis que intento escapar da súa presenza
Sempre regresa, fiel e persistente
Envólveme na súa sombría esencia
E me mergulla nun mar de sentimentos

Tristeza, inimiga invisible
Que me atormenta coa súa cruel danza
Pero sé que despois da escuridade
Brillará a luz, e volverá a esperanza.

Soidade

Soidade, tan íntima compañía
Que abraza a miña alma coa súa fría caricia
Nas noites silenciosas
Onde solo o eco dos meus pensamentos retumba

Soidade, nos teus brazos pérdome
Entre murmurios da nostalxia e a melancolía
Mergúllome nun mar de recordos
Que me levan por camiños descoñecidos

Soidade, alí onde encontro o meu refuxio
Onde podo ser eu mesmo sen máscaras nin pretextos
Onde as miñas lágrimas convértense en poesía
E a miña soidade transfórmase nun canto de liberdade

Soidade, a miña fiel compañeira
Que me ensina a escoitar a miña voz interior
A valorar a soidade como un regalo
E a encontrar a paz en medio do caos

Soidade, en ti encontro a miña fortaleza
O meu oasis de serenidade en medio do tumulto
¡Oh soidade, amiga querida!
Que me acompañas en cada paso da miña vida.

Martín Prados Méndez

Veño falar das dúas condenas mais graves que existen no mundo.

A máis coñecida é a cadea perpetua, que consiste nunha estancia no cárcere que terminará coa defunción da persoa condenada ou coa cadea máxima permitida pola lei.

Esta sentenza só se verá aplicada ante os casos de extrema gravidade.

Noutros países tamén existe a denominada “pena de morte”

A pena de morte consiste en sancionar a unha persoa coa morte por un crime de extrema gravidade.

Non todos os países contan con esta sentenza, sendo os que mais uso fan dela países como Estados Unidos, China, Exipto e outros países asiáticos e de América Latina.

O mércores 8 de maio tivemos unha saída do instituto a unha manifestación polo galego chamada “Correlingua”.

Os días antes fixemos unha pancarta que se sostíña con dous paus, cun debuxo e o lema deste ano: “Dende aquí ata acola Galego xa”.

Sáímos do instituto polas 10 e fomos camiñando ata o centro no que estaban reunidos xa moitos institutos, logo dun anaco fomos por toda a muralla coas pancartas.

De volta, vimos un escenario. Despois de que chegaran o resto de institutos, empezou o grupo Cuarta Xusta a tocar e cantar e estivemos ali ata a 1:30, despois volvemos para o instituto e chegamos cando quedaban dez minutos de clase.

Yanira Neira Corral

ROTO

Sempre crin que cando algo se rompe fai ruído cando cae, rompe ou rompe calquera cousa ou calquera cousa é polo son, pero no meu caso ninguén me escoitou berrar mentres se botaban os anaquiños do que era o meu corazón. fóra dos meus ollos e no fondo tampouco quería que ninguén se decatara, e despois apertas os puños, mordes a almofada e pechas as pálpebras con tanta forza que inevitablemente as fendas aumentan e xa non podo, intento expresar dunha maneira fermosa o moito que me doe pero... Todo é por ti, que xa non es só miña e, entón, deixo de ser a rapaza á que miras en canto entras na habitación e empezo a ser un espellismo inerte que xa non se funde entre os teus brazos, pero queresme e ti dixeches que para sempre, entón eu aférrome a iso e finxo que non me importa que non sexa o único e por iso estou roto, pero de romper así moito aprendín a sobrevivir e a dor xa non me mata, agora os anacos seguen a romperse, pero péganse menos e sei que algún día non me doerá pensar máis en ti e entón volverei a ser eu, roto pero só eu.

Estev Bedoya Neira

No Medio

Sempre me centro no meu grupo de amigas e cando me dou conta apago a cámara e...todos me miran! aínda que estea no medio, sempre estou rodeada de xente pero nunca teño a ninguén, hai tanta felicidade no meu redor ,pero eu síntome soa. Aínda que teña as miñas amigas sinto que só teño a miña cámara, é o meu soporte, o meu anxo da garda, o meu destino, só a teño a ela porque cando estou coas miñas únicas amigas sinto que a xente non as ve, pero iso dáme igual porque así como todos me miran só estou no medio.

